

MERGÚLLATE NA BIBLIOTECA

CURSO:

2018/2019

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO 3

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: CEIP Nosa Señora das Dores

Proxecto elaborado polos centros educativos:

CEIP Nosa Señora das Dores

<https://ceipforcarei.wixsite.com/museodomar>

CEIP Soutelo de Montes.

CEIP Nosa Señora das Dores


CEIP Soutelo de Montes

Exposición do proxecto documental integrado: "Mergullámonos na biblioteca"

MUSEO DO MAR

Xinmnasio CEIP Nosa Señora das Dores
Xoves 13 e Venres 14 de 9:30 a 16:00

The poster features a blue background with a white grid pattern in the bottom-left corner. It includes three photographs: a drawing of a man with a beard and a green jacket, a group of children reading at a table, and the words 'MUSEO DO MAR' in large blue 3D letters. The text is in a mix of bold and regular fonts, with some handwritten-style text for the school names and dates.



ÍNDICE

A. INTRODUCCIÓN

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A. INTRODUCCIÓN

✓ *Xustificación.*

A biblioteca do CEIP Nosa Señora das Dores de Forcarei coordina cada curso un proxecto interdisciplinar en colaboración estreita co EDLG, co Equipo de TICS e de Extraescolares; así como con outros programas como son o de Formación Permanente do Profesorado e tamén con outros centros educativos, institucións e organizacións e comunidade educativa.

Algúns dos proxectos de cursos anteriores foron: Os oficios tradicionais, A volta ao mundo en 80 días, Contacontos por un día....

✚ **Proxecto curso 2018/2019: Mergúllate na Biblioteca.** A implicación e motivación de toda a comunidade educativa no proxecto do curso 2017/2018 propiciou que durante este curso decidíramos comezar cun novo traballo, no que a biblioteca sería o eixe vertebrador, proporcionando ademais dos recursos documentais, os espazos e recursos persoais dispoñibles. Este é un proxecto colaborativo co CEIP Nosa Señora das Dores de Forcarei, onde se afonda no coñecemento de mares e océanos dende unha perspectiva interdisciplinar. A elección do tema responde a varios aspectos: os dous centros están situados nunha comarca de interior, resultando un centro de interese moi motivador para o alumnado así como necesario en canto a adquisición de novos coñecementos. O curso pasado partimos da contorna próxima (comarca de interior) para neste curso darlle unha continuidade e traballar a contorna costeira. Outro aspecto clave na escolla do tema é a necesidade urxente de reducir a contaminación neste ecosistema, poñendo así o noso gran de area na sensibilización do coidado e respecto polo noso planeta. A decisión de traballar de xeito conxunto con outro centro débese ao número de alumnado que é moi baixo e, deste xeito, aumentamos a temática e variedade das investigacións, a tipoloxía das actividades, resultando así moito máis enriquecedora e motivadora a exposición do produto final. Ademais de que a avaliación do proxecto do curso pasado, no que colaboramos co mesmo centro, resultou ser moi positiva. Como resultado da avaliación do proxecto do curso pasado, xurde a necesidade de mellorar un aspecto: **“o traballo de investigación co alumnado seguindo as liñas prioritarias da**

alfabetización informacional”, converténdose así no motivo fundamental e xustificativo deste proxecto, ao ser conscientes da dificultade que ten esta competencia con alumnado de infantil e primaria e tamén pola demanda do profesorado e as familias de formarse na competencia informacional.

✓ *Organización do traballo e Temporalización*

TAREFA	ENCARGADO	TRIMESTRE
DOCUMENTARSE	EQUIPO DE BIBLIOTECA	1º
BUSCANDO FONTES E RECURSOS	EQUIPO DE BIBLIOTECA	1º
BÚSQUEDA DE FERRAMENTAS TICS ELABORACIÓN DE TITORIAIS	EQUIPO DE TICS/EDLG	1º
REALIZACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, FICHAS, ACTIVIDADES SOBRE O LIBRO DE XULIO VERNE: 20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES	BIBLIOTECA/EDLG	1º
DÍA DA PAZ (MUSICAMOS O MAR)	EQUIPO DE BIBLIOTECA/EDLG MESTRE DE ED. MUSICAL	2º
ENTROIDO	EDLG/ANPA	2º
DÍA DA MULLER TRABALLADORA(AS MULLERES E O MAR)	EQUIPO DE BIBLIOTECA/EDLG	2º
DÍA DA POESÍA: TALLER POÉTICO	EQUIPO DE BIBLIOTECA/EDLG	2º
DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO	BIBLIOTECA/TICS/EDLG/ FAMILIAS	2º
INVESTIGANDO POR AULAS SOBRE A TEMÁTICA ELIXIDA SOBRE MARES E OCÉANOS	BIBLIOTECA/EDLG/TICS	2º
DÍA DO LIBRO: MARCAPÁXINAS MARIÑOS	BIBLIOTECA/EDLG	3º
CREACIÓN DO PRODUTO FINAL DE CADA AULA.	BIBLIOTECA/ EDLG/TICS/ EXTRAESCOLARES/ FAMILIAS	3º
PRODUTO FINAL: EXPOSICIÓN “ O MUSEO DO MAR”	BIBLIOTECA/TICS/EDLG/FAMILIAS CEIP SOUTELO DE MONTES	3º

✓ *Obxectivos, Contidos, Criterios, Estándares de avaliación e Competencias Clave.*

Obxectivos.

- Coñecer os mares e océanos do noso planeta dende varias perspectivas: coñecemento natural, social, cultural, artístico, lingüístico, científico... (alumnado e resto da comunidade educativa), así como fomentar a importancia do coidado e limpeza dos mesmos.
- Traballar estratexias de busca de información e proporcionar a oportunidade de poder contrastalas fomentando así o espírito crítico e o aprendizaxe autodirixido.
- Necesidade de mellorar a competencia lingüística.
- Traballar a lectura dende diferentes soportes e dende a investigación de aspectos da vida real así como as posibilidades que ofrece a biblioteca.
- Fomentar o traballo por proxectos dende as aulas.
- Implicar ás familias nas novas metodoloxías de traballo no colexio.
- Aumentar a autonomía, a creatividade, a innovación e a ética do tratamento da información.
- Traballar estratexias de traballo cooperativo e as emocións.
- Desenvolver a Competencia Dixital, de Aprender a aprender e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Colaborar na mellora da competencia informacional, a través do proceso de alfabetización informacional(ALFIN).
- Coñecer e participar con achegas propias na creación dunha exposición.

Ao traballar este proxecto con todos os niveis do centro, os contidos, criterios e estándares son moi numerosos para poder detallalos nunha memoria destas características.

A continuación presentamos unha táboa onde se seleccionan aqueles aspectos curriculares que consideramos máis relevantes e comúns a todo o proxecto.

✓ **Contidos, Criterios, Estándares de avaliación e Competencias Clave.**

Ao tratarse dun proxecto no que interveñen as aulas do centro, cada titoría tivo en conta a programación de aula para as aprendizaxes máis específicas. Para avaliar o proxecto no seu conxunto, fixemos unha selección daqueles elementos curriculares centrados na competencia informacional.

TÁBOA RESUMO

ACTIVIDADE	ÁREAS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
<p>ACTIVIDADE 1: DE INICIACIÓN E MOTIVACIÓN LECTURA DO LIBRO: "20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES" de XULIO VERNE. TRABALLOS TRALA LECTURA: UNIDADES DIDÁCTICAS DÍA DA POESÍA: Taller poético DÍA DO LIBRO: Marcapáxinas mariño DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO DÍA DA MULLER TRABALLADORA: As mulleres e o mar</p>	<p>CCSS CCNN LINGUA GALEGA LINGUA CASTELÁ LINGUA INGLESA ED. ARTÍSTICA</p>	<p>A CIENCIA: EVOLUCIÓN HISTÓRICA. COMPRESIÓN ESCRITA E ORAL EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL LÉXICO INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA.</p>	<p>Valorar e investigar sobre a evolución dalgúns aparellos, obxectos ou máquinas ao longo da historia. Comprender de xeito global un texto escrito e un discurso oral e facer valoracións sobre o mesmo. Expresarse con corrección de xeito escrito ou oral tras a lectura dun texto. Coñecer o léxico traballado. Ilustrar textos de xeito creativo e coherente.</p>	<p>Coñece e explica algúns dos avances da ciencia (embarcacións, tecnoloxía na navegación e mergullo) É quen de entender o sentido global dun discurso oral ou escrito: relaciona contido con ilustracións nun texto escrito. Busca, relaciona, interpreta e valora ideas sobre un texto lido. Expón oralmente de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área que manifestan a comprensión de textos. Mostra interese tras unha lectura inicial por coñecer o significado do vocabulario descoñecido. É quen de ilustrar un texto.</p>	<p>CMCT CD CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>ACTIVIDADE 2 INVESTIGANDO</p> <p>ACTIVIDADE 3 CREANDO CONTIDO E PRODUTO FINAL</p>	<p>CCSS CCNN LINGUA GALEGA LINGUA CASTELÁ LINGUA INGLESA ED. ARTÍSTICA</p>	<p>Realización de proxectos e presentación de resultados.</p> <p>Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos.</p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL COMPREENSIÓN ESCRITA E ORAL</p> <p>Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.</p>	<p>Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.</p> <p>Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p>	<p>Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</p> <p>Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p>Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.</p> <p>Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.</p>	<p>CAA CCL CMCCT CSIEE CD CSC</p>
<p>ACTIVIDADE 4</p>		<p>Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia</p> <p>A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos</p>	<p>Empregar estratexias de traballo cooperativo, adotar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e</p>	<p>Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>Adopta un comportamento responsable,</p>	

<p>EXPOSICIÓN MUSEO DO MAR</p>	<p>CCSS</p> <p>CCNN</p> <p>LINGUA GALEGA</p> <p>LINGUA CASTELÁ</p> <p>LINGUA INGLESA</p> <p>ED. ARTÍSTICA</p>	<p>básicos na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>respecto cara aos demais.</p>	<p>construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>
		<p>Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquejos ou deseños.</p> <p>Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.</p> <p>Selección axeitada de materiais e espazos.</p>	<p>Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.</p> <p>Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p> <p>Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,</p>	<p>Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido.</p> <p>Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función</p> <p>Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.</p>	

- ✓ Alumnado e profesorado participante.

No noso centro participaron no proxecto a totalidade do alumnado: 93 alumnos e alumnas e a totalidade do profesorado: 15 mestres e mestras.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O obxecto desta investigación son: OS MARES E OCÉANOS, dende unha perspectiva interdisciplinar (natural, social e histórica, científica, lingüística, cultural e artística...)

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

1ª ACTIVIDADE: BÚSQUEDA DE DOCUMENTACIÓN, FONTES E RECURSOS SOBRE A TEMÁTICA. (Equipo de Biblioteca)

2ª ACTIVIDADE: LECTURA DE 20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES de Xulio Verne. Cada aula inicia o proxecto con diferentes actividades artelladas en relación a este libro. (O Equipo de Biblioteca xunto co EDLG e a titora de lingua inglesa buscan e proporcionan diferentes versións da obra adaptadas a cada titoría e alumnado con NEAE, tamén en coordinación cos titores se deseñan actividades específicas de comprensión e expresión oral e escrita que se traballan de múltiples xeitos. Algunhas delas co alumnado de xeito individual, outras en pequenos grupos nas aulas e tamén en gran grupo a nivel de centro, como o Día da Paz, Día do Libro, Día Internacinal da Muller, Entroido, Saída a Vigo...)

3ª ACTIVIDADE: INVESTIGANDO. Cada aula, despois de traballar a lectura de Xulio Verne elixe un tema que será motivo de investigación.

Unha vez elixido o Equipo de Biblioteca, o EDLG, o Equipo de TICS e o de Extraescolares, en colaboración cos titores e as familias, buscan, seleccionan e elaboran diferentes fontes, recursos, actividades... para traballar nas aulas, xa adaptados ao nivel e temática correspondente. Os Equipos fixeron un especial esforzo na creación de material que servise de guía na busca de información para fomentar a competencia informacional, xa que pode resultar moi complicado co alumnado de menor idade. Os temas elixidos dende as titorías foron:

Ed. Infantil: A arte galega; **1º EP:** Lendas e seres mitolóxicos; **2º EP:** Sons, música e mar; **3º EP.** Animais mariños; **4º EP:** Os corais; **5º EP.** As embarcacións; **6º EP.** Océanos e Mares; **Relixión:** O mar Morto.

4ª ACTIVIDADE: CREANDO E PRODUCINDO. Despois da investigación, cada aula, decide, deseña e produce o seu produto final.

No seu deseño e presentación tivo un papel fundamental o Equipo de TICS, fomentando tanto no alumnado como no profesorado a competencia dixital no proceso de deseño e na presentación do produto final. Caben destacar:

NO DESEÑO DOS PRODUTOS: gravación e edición de vídeo, elaboración de presentacións, busca e elaboración de diferentes tutoriais, realidade aumentada a través de códigos QR, diferentes plataformas dixitais como Padlet...





NA PRESENTACIÓN DOS MESMOS: presentación dos traballos na rede a través das páxina web do centro, do blogue da Biblioteca, de diferentes e variadas ferramentas e plataformas dixitais (Padlet, Youtube, Calameo, Slideshare...).

5ª ACTIVIDADE: O MUSEO DO MAR. Consiste en organizar, expoñer e decorar todos os produtos finais nunha gran exposición xunto co CEIP Soutelo de Montes. O museo foi inaugurado polos dous centros durante unha xornada lúdico-informativa onde o propio alumnado é o guía do museo na explicación do produto final, contando durante a mañá con diferentes talleres relacionados coa temática. A exposición física convértese en dixital coa colaboración de todos os Equipos dos dous centros educativos a través das plataformas Wix e Scratch.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO

Durante todo o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha do PDI tanto ao profesorado como ao alumnado:

✓ Para o alumnado:

-  Enquisa inicial, táboas de datos ...
-  Exposición de libros na biblioteca relacionados coa temática obxecto a investigar.
-  Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
-  Fichas de busca de información xenéricas e específicas para traballar a competencia informacional.

- ✚ Unidades didácticas e actividades diversas sobre o libro: 20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES.

file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/LEER_4_Leguas_GProfe.pdf.

file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/LEER_4_Leguas_Solu.pdf.

✓ Para o profesorado:

- ✚ Calendario anual das actividades.

- ✚ Tutoriais de gravación de cámara de vídeo e edición e montaxe de vídeo.

<https://www.calameo.com/read/002495022bce9bb75d086>

- ✚ Listado de fontes, recursos para pescudar e crear información.

- ✚ Exposición de libros na biblioteca relacionados coa temática obxecto a tratar.

- ✚ Tutorial de edición e escaneado de códigos QR

- ✚ Estratexias de busca de información na rede: [www.educ.ar/recursos/120208/estrategias-para-](http://www.educ.ar/recursos/120208/estrategias-para-buscar-en-internet)

[buscar-en-internet](http://www.educ.ar/recursos/120208/estrategias-para-buscar-en-internet)

- ✚ Ponencias sobre programación de UDIS, traballo por proxectos e recursos TICS a través do PFPP.

- ✚ Manual de investigación:

https://labibliotecaescolar.files.wordpress.com/2010/02/manualinvestigacion_cra.pdf

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Todas as actividades realizadas nas titorías tiveron como punto de partida a lectura da obra “20.000 leguas baixo dos mares” e un coloquio para a elección da temática a tratar. Un gran traballo por parte de todos nós. Durante este curso realizamos:

Educación Infantil 3, 4 e 5 anos

Investigaron o mar na arte galega e, coñeceron de cerca dous autores: Luís Seoane, o que se dedicou este ano o Día das Artes, 1 de abril, e Urbano Lugrís vencellado directamente con Julio Verne polo fascinación que sentía polo mundo inventado por J. Verne. O seu produto final foi investigación da biografía dos dous autores, visionado de diferentes obras e reprodución persoal de varias escollidas empregando diferentes técnicas.

1º Educación Primaria

Partindo das aventuras do Capitán Nemo e do seu paso pola ría de Vigo, estes 15 nenos e nenas iniciaron un percorrido polo mundo das lendas: a de Rande, a da Torre de Hércules e o xigante Xerión e a Coca de Rendondela. A súa investigación rematou coa realización do Libro sobre lendas do mar, dicionario de seres mitolóxicos mariños e obras plásticas alusivas a temática.

2º Educación Primaria

Ademais de procurar información arredor da figura de Julio Verne, e ver fragmentos da súa obra na PDI, enfocaron o

proxecto cara os sons, a música e o mar. Para iso crearon varios paneis onde recolleron os aspectos máis destacables e sonoros do fondo mariño. Sereas, corvos, sunamis... son algúns dos elementos sonoros máis destacables.

3º Educación Primaria

Confección dun libro/álbum que leva por título "Animulario mariño". Para a súa realización cada alumno elixiu un animal mariño, o seu preferido entre todos os que surcan os mares e océanos. A continuación, buscaron información guiada en Internet relativa ao animal: características físicas, hábitat, alimentación ... e por último algunha curiosidade en relación co mesmo. Toda a información recollida escribírona nun documento de Word o que lle permitiu traballar as TICS na aula. Esta actividade realizárona en grupos de 4-5 alumnos na aula de informática. Para rematar, cada alumno fixo un gravado en pintura sobre cera relativo a cada un dos animais.

4º Educación Primaria

Investigación documental sobre os corais, a súa formación, tipoloxía, arrecifes, vida animal e localización dos máis importantes a través da plataforma PADLET. Elaboraron paneis informativos coa documentación en formato papel e audicións recollidas en códigos QR. A maiores confeccionaron coa axuda da especialista de lingua estranxeira unha maqueta de arrecife de coral.

5º Educación Primaria

Investigaron sobre as distintas embarcacións e as evolucións nas distintas épocas. Destacar a creación de maquetas e paneis alusivos ao contido investigado.

6º Educación Primaria

Profundaron sobre os océanos Índice, pacífico, Atlántico, Glaciar Ártico y Antártico. Situáronos no mapa do mundo, indicaron os seus límites, as características, curiosidades, transportes, xacementos, lendas, faunas e contaminación. Todo iso sintetizouse en seis paneis. A maiores cada parella creou un vídeo coas características máis destacables dun dos océanos.

Relixión

Estudaron o Mar Morto, a súa localización, características e a composición da auga, descubrinto que contén un elevadísimo nivel de sal o que facilita a flotabilidade. Isto dou pasa a realización do experimento realizado polo alumnado de 5º de EP

F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS

FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Dada a diversidade de actividades realizadas ao longo deste proxecto, os recursos empregados foron múltiples. Cabe destacar a boa dotación do centro e a colaboración de axentes da comunidade, familiares e outras institucións.

MATERIAL FUNXIBLE	RECURSOS TIC	MATERIAL DE CONSULTA
Cartolinas, ceras de cores, palillos, témperas, folios, papel adhesivo, cartón pluma, papel de cocina, material téxtil...	*Impresora, cámara de vídeo, gravadora, encerado dixital, CD, DVD, ordenadores, cámara fotográfica *Programas informáticos (edición de vídeo (MOVAVI,) edición de son (AUDACITY), , procesador de texto, Padlet, Wix, Slideshare, Calameo,...	*Material bibliográfico de consulta facilitado por las bibliotecas escolares a través de exposicións temáticas. *Material bibliográfico a través de internet. *Paneis exposición itinerante Culturmar
RECURSOS PERSOAIS		
*Titores e especialistas. *Familias. *Persoal non docente. *Persoal externo aos centros especialistas na temática do mar		
ESPAZOS		
*Biblioteca. *Aula informática. *Salón de actos. *Aulas. *Museo do Mar * Aula psicomotricidade		

As fontes empregadas foron variadas xa que era unha das esixencias que se pedían nas fichas modelo de investigación. Algunhas son libros, revistas, páxinas webs de variada tipoloxía: tipo enciclopedia, museos, dicionarios, de medios de comunicación, pescuda de imaxes, vídeos, páxinas dependentes de

organismos oficiais,.. ENLACE COAS FONTES MÁIS SIGNIFICATIVAS NA ELABORACIÓN DOS PRODUTOS

FINAIS DAS NOSAS AULAS:

<https://drive.google.com/file/d/1SL6uibvJQaHJkz0HKH94DmrCEPuAUN3J/view?usp=sharing>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO

Para a realización das actividades que conformaron o PDI contamos:

- ✚ Coa total dispoñibilidade do equipo directivo á hora de organizar, estruturar e xestionar as propostas.
- ✚ Implicación total do claustro á hora de desenvolver as diferentes propostas que foron xurdindo dende o PDI.
- ✚ Colaboración entre o Equipo de Biblioteca (procura de fondos documentais), Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (organización de saídas e exposicións) e Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- ✚ Apoio do Consello Escolar e da ANPA.
- ✚ Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.
- ✚ A totalidade do alumnado e das súas familias.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A divulgación do proxecto realizado non é unha opción senón unha obriga xa que, é un dos principios que rexe o deseño e posta en práctica de tarefas integradas. Con este fin, empregamos diferentes medios e vías para chegar á totalidade da comunidade educativa, para que o coñeceran e se implicasen nel. Tamén pretendemos que esta difusión fora o máis ampla posible, sen marcarnos ningunha meta concreta. Para isto, tivemos en conta:

- ✚ Reunión ao principio de curso para a posta en marcha do proxecto. Foi moi importante a implicación tanto do novo profesorado como dos substitutos que se foron incorporando ao proxecto.
- ✚ Reunión de curso coas familias.
- ✚ Petición e colaboración con distintas institucións.

- ✚ Elaboración de diferentes materiais de difusión como carteis, vídeos, invitacións,....
- ✚ Difusión de todas as actividades que se foron realizando a través de blogues, prensa, plataforma WIX, redes sociais e web dos centros.
- ✚ Xornadas de portas abertas para presentar os produtos finais e exposicións do material elaborado e recompilado.
- ✚ Comunicados ás familias a través de Tokapp ou vía papel

A URL onde está aloxado o traballo dos dous centros é:

<https://ceipforcarei.wixsite.com/museodomar>

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS

CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS

En calquera proceso de avaliación contamos con dous axentes moi importantes: alumnado e profesorado:

✓ *Avaliación do alumnado*

A avaliación do alumnado que ten que ver con contidos curriculares correspondentes a cada nivel foi avaliada segundo as programacións de aula por cada titor. Tívoise especial consideración á hora de avaliar, a consecución dos obxectivos xerais e as competencias clave. Centrémonos na avaliación destas tres competencias : CCL, CAA, CD e da Competencia Informacional.

Enlace ás rúbricas:

<https://drive.google.com/drive/folders/1iC31M86HHqXQKe9U3q5wY5DBwOZFdSiI>

✓ *Avaliación do proxecto*

Para a avaliación do proxecto rubricáronse unha serie de aspectos fundamentais que se atopan recollidos no enlace adxunto no documento.

<https://drive.google.com/drive/folders/1MNxL6sz7MkO6X3PhAjGK6IC21PrkHxvF>

E tamén autoavaliámos o proxecto:

<https://drive.google.com/drive/folders/1Y1chjQNzt2y9TJMqxN6FqtLcTSpv-LMh>

Copiar enlaces no navegador para visualizar os documentos

✓ *Procedementos de avaliación*

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións, citadas anteriormente, rúbricas, ...Tamén se realizaron autoavaliacións por parte do alumnado, nos distintos faladoiros creados nas distintas titorías.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A Biblioteca Escolar foi o motor do Proxecto Documental Integrado realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas cos distintos órganos de coordinación docente do centro: Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Equipo de actividades complementarias y extraescolares, equipo de biblioteca, equipo Tics. Tamén programou reunións informativas con todo o Claustro para organizar o traballo a desenvolver. É importante salientar que estas reunión víronse favorecidas pola participación do centro nun PFPP cunha liña de traballo relacionada cunha Unidade Didáctica Integrada.
- Procurar e seleccionar información relacionada co tema de estudo e mercar bibliografía de consulta que permitiu desenvolver o traballo.
- Difusión nas redes sociais: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoradores/>
<https://www.facebook.com/oformigueirodeforcarei/>
- Difusión do produto final a través do blog do colexio, Arxineando e das distintas titorías:
<https://arxineando.wordpress.com/> <https://orecunchodasfadas.blogspot.com/>
-

En Forcarei, 10 de xullo de 2019

José Antonio Vidueiros Sánchez

Director do CEIP Nosa Señora das Dores